

## Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 9 de maio de 2012

### Asistentes:

Pita Grandal, Ana María  
Allegue Agüete, Pilar  
Martínez Yáñez, Nora  
Muleiro Parada, Luis Miguel  
Rodríguez Domínguez, María del Mar

Arias Martínez, M<sup>a</sup> Antonia  
Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz  
Bergareche Gros, Almudena  
Bouso Cedrón, Pedro  
Caballero Fernández, Gloria  
Cabeza Pereiro, Jaime  
Dávila Millán, Encarna  
Domínguez Rubira, Carmen  
Fernández Docampo, Belén  
García Mosquera, Marta  
González Martínez, José Manuel  
Grande Seara, Pablo  
Ibáñez Paz, Regina  
Manzano González, Baltasar  
Mariño de Andrés, Ángel M.  
Martínez Hens, Helena  
Martínez Táboas, Teresa  
Orge Míguez, José Carlos  
Rodríguez Damián, Amparo  
Rodríguez Rodríguez, Emma  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Trigo Gómez, Pilar  
Vicente Remesal, Javier de

Arjones Giráldez, David  
De Castro Lorenzo, Adrián  
Estévez Fernández, Carina  
Fernández Lixa, Rocío  
Fernández Vila, Rodrigo  
Guerrero Saco, Alejandro  
Núñez Martínez, Lucía  
Salgado André, Elena  
Tizón Rodríguez, Alejandro

Iglesias Prado, Elena  
López Prieto, M<sup>a</sup> Nieves  
Macías Cambra, Henrique  
Rivas Suances, María Fernanda  
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión no Salón de Graos da Facultade sendo as 13.10 h. coa seguinte orde do día:

1. Designación de Secretario da Xunta por ausencia da Secretaria da Facultade.
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 23 de marzo de 2012).
3. Informes da Decana.
4. Aprobación, se procede, da convocatoria do curso complementario para a obtención do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2012-2013.
5. Aprobación, no seu caso, da modificación da normativa interna de elaboración do TFG.
6. Aprobación, se procede, da reactivación do *Máster en Xestión e dirección laboral*.
7. Adopción de acordo en relación coa convocatoria extraordinaria de decembro das titulacións a extinguir.
8. Toma de posición, no seu caso, da Xunta de Facultade sobre o "Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo".
9. Toma de posición, no seu caso, da Xunta de Facultade sobre o "Real Decreto-Ley 5/2012, de 5 de marzo, de mediación en asuntos civiles y mercantiles".
10. Rogos e preguntas.

A Decana escusa a asistencia dos seguintes membros da Xunta: Dona Teresa Estévez Abeleira por unha reunión de traballo, Don Pablo Fernández Carballo-Calero, por atoparse en Valencia, Dona Patricia Valcárcel Fernández e Don Rafael Fernández Acevedo ao atopáranse nunha estancia docente e investigadora, Dona Magdalena Barahona Martín por un problema familiar e Don José Luis Rubianes Ferro por motivos laborais.

Antes de comezar a reunión a Decana quere poñer de manifesto que se comunicou ao Decanato que ningún membro representante do colectivo PAS foi reflectido coma asistente na anterior acta da última reunión de Xunta de Facultade, polo que farán estas inclusións. A Profa. Bergareche tamén comenta que non figura polo que solicita rectificación da anterior acta no mesmo senso. Por outra banda pide que no apartado de rogos e preguntas se faga constar que preguntou pola materia de Dereito do Transporte e se o profesor docente responsable pode tomar a decisión de suspender as clases por el mesmo. A Decana manifesta que se lle parece axeitado farase constar que a Dra. Bergareche solicitou aclaración con respecto á situación desta materia e se o profesor responsable podería dar por finalizadas as clases. A Dra. Bergareche asinte a que se faga esta puntualización na acta. Seguidamente, a Profa. Bergareche pide excusas e roga non suspender as clases na xornada actual no caso da materia que imparte, polo que debe ausentarse neste mesmo momento da reunión.

### **1. Designación de Secretario da Xunta por ausencia da Secretaria da Facultade.**

A Decana designa coma secretario ao Doutor Muleiro Parada para que faga as veces de secretario na presente reunión na que se atopa ausente a Secretaria da Facultade, a Dra. Valcárcel Fernández.

### **2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 23 de marzo de 2012).**

Apróbase coas inclusións e modificacións instadas ao comezo da reunión deste órgano colexiado.

### **3. Informes da Decana.**

A Decana informa, en primeiro lugar, do contrato-programa da Facultade. Di que é unha competencia atribuída aos decanos que son responsables do mesmo e por iso se trae á Xunta en que consiste este contrato. Non se deixa moita marxe de actuación aos Centros para decidiren e serve para establecer un sistema de financiamento que depende dunha serie de *ítems* que suporán ata un 80% do financiamento total. Indica que se vai manter a cantidade de orzamentos fixos, coma luz, gasóleo ou calefacción, e o que pode ser asumible coma recursos para dotar de medios á Administración. O resto será variable e vai depender do cumprimento duns índices da Uvigo que coinciden cos que aplica a CRUE e a propia Xunta de Galicia. Os indicadores son: a docencia (ata un 25% do financiamento) onde a cualificación do PDI se valora nun 60% e a taxa de graduación (40%). A investigación pondérase nun 30% onde a Decana manifesta que na reunión que tivo co Vicerreitor correspondente se lle deixou constancia de que é unha cuestión que non recae no Centro, onde valoran a produción científica (25%), sexenios (25%), proxectos (25%) e teses de doutoramento (25%). A Dra. Pita expresa que teremos que ser coidadosos en canto á terceira parcela, relativa á transferencia, que se pondera nun 15%. Neste ámbito elevouse unha consulta ao órgano competente da Universidade en orde a saber que se inclúe neste concepto. Tamén se pondera nun 15% a adaptación a outras demandas sociais, premiando o número de estudantes matriculados na súa opción preferida (50%) e a participación en actividades de voluntariado que tamén se valorará (50%). Aquí a Decana indica que se

tratará de colaborar ou facer campañas neste senso e xa se iniciaron os contactos con “Caritas” ou “Cruz Vermella”. Asemade, valórase a proxección internacional (10%), tomando en consideración os alumnos de intercambio (50%) e o número de meses de estancia en Universidades estranxeiras (50%). Por último a xestión pondérase nun 10%, tendo en conta a certificación da calidade na xestión (60%) e a % de PAS en programas de formación (40%).

A Decana recorda que en canto a firma deste contrato-programa non existen moitas alternativas posto que, de non firmarse, perderíase a porcentaxe de financiamento. Unha vez que se asine farase coma unha especie de “foto” da situación da Facultade e competirase contra a propia Facultade, de xeito que deberemos tratar de non baixar no acadado. Polo demais asemella que con este contrato todos os Centros van a gañar (en xeral 300.000 € co programa).

Así que a posición da Decana é que se firme o contrato porque, de entrada, non debemos negarnos a perder financiamento. Aínda que algún indicadores sexan discutibles, nun Centro coma o noso podería ser criticable, por exemplo, que en certas materias se propoñan a Profesores non doutores pero é unha decisión que corresponde ao Departamento.

Para completar a explicación a Decana traslada que é importante a docencia que teña cada profesor en cada Centro (en proporción á súa docencia en cada Centro).

A continuación a Dra. Pita abre unha rolda de intervencións na que ninguén ten a ben facer uso da palabra.

Finalmente, a Decana informa de que cando se asine o contrato-programa se remitirá aos Departamentos e Profesores do Centro para o seu expreso coñecemento.

En segundo lugar, a Decana informa de que na próxima reunión desta Xunta, que terá que ser previsiblemente a primeiros de xuño, se traerá á aprobación a proposta dos horarios para o vindeiro curso académico. A Dra. Pita informa de que se detectaron recentemente certas irregularidades nas que algún grupos de tarde foron unificados. A Decana recorda que isto non se pode facer, non poden ir alumnos da tarde a grupos da mañá sen causa. Para evitar isto e un mellor control nos horarios non haberá grupos de primeiro, segundo e terceiro curso pola tarde.

A Dra. Martínez Hens intervén para preguntar se se vai a proceder ao igual que outros anos para a aprobación dos horarios e a Decana responde afirmativamente. De xeito que se enviarán os horarios para que en principio, se é posible, se manteñan. Logo poderase alegar o que se estime pertinente polos Profes. e finalmente haberá unha reunión previa para a proposta e a súa aprobación.

En terceiro lugar, a Decana informa que, con relación as enquisas de satisfacción das titulacións e cede o uso da palabra á Vicedecana Rodríguez Domínguez que recorda a importancia de facer as enquisas e o fácil que é. Lémbrese o prazo que é ata o 15 de xuño aínda que se lles recordará aos Profes. vía e-mail. O profesorado debe valorar a docencia das materias, a enquisa é anónima e é importante, dende o punto de vista técnico, premer o botón de “enviar”.

A alumna Núñez Martínez pregunta se os alumnos da licenciatura deben facer a enquisa e responde a Vicedecana para dicirlle que se refiren aos Graos, e a Profa. Ruiz Hidalgo puntualizando que nas enquisas hai referencias concretas á cada materia.

Noutro informe a Decana manifesta que as Coordinadoras de Grao da Facultade enviarán proximamente un recordatorio para as guías docentes. O próximo ano o curso comezará o 3 de setembro e as guías das materias do primeiro cuadrimestre haberá que facelas en xuño para poder cerrar o procedemento en xullo.

A Decana tamén informa de que para o próximo acto académico de licenciatura de Dereito haberá dispoñibles seis traxes académicos ao térense adquirido os complementos que faltaban. Tamén serán útiles para simulacións de xuízos. Modificáronse dous traxes das tallas 62 e 60 para pasar a seren de talla 48 e 52 de xeito que hai dous da talla 48, dous da talla 52, un da talla 54 e outro da talla 56.

A Decana informa igualmente de que xa se firmou o Convenio para o Máster en Procuradoría e vanse firmar os Convenios para a impartición do Máster da Avogacía.

A Dra. Pita tamén traslada á Xunta que se recibiu no Decanato un escrito firmado por catorce alumnos do Grao en Dereito que haberá que abordalo nunha Comisión de Docencia -na que seguramente deberá estar presente un representante por área xurídica-. A Decana dá lectura ao escrito no que se di que na titulación se limitan as prazas para optar polas mencións e solicitan que se amplíen as prazas para o posible traslado a Ourense de 10 a 15, dada a súa vontade de facer un cambio de Centro para optar a outra mención.

A Decana expresa que hai algún datos errados no escrito e recorda que o itinerario de Empresa é xurídico e a realidade é que se pode elixir un itinerario ou non. O que si é certo é que en cuarto curso do Grao en Dereito hai tres materias optativas que son obrigatorias. A Decana simplemente manifesta que haberá que tratar este particular nunha Comisión de Docencia.

#### **4. Aprobación, se procede, da convocatoria do curso complementario para a obtención do Grao en Relacións Laborais e Recurso Humanos para o curso académico 2012-2013.**

A Decana indica que a convocatoria que se propón é case igual á do ano pasado e simplemente se quitaron os prazos porque o Reitorado sacou unha convocatoria xeral onde veñen estes prazos. Os demais extremos mantéñense.

A Dra. García Mosquera expresa que, coma errata, se mantén a referencia ao curso académico 2011/12 e tamén no apartado catro se remite a unha documentación contemplada no apartado seis. A Decana indica que se corrixirá o erro do curso e a referencia do apartado catro debe remitirse ao propio apartado polo que, certamente, convén corrixir estas erratas.

Apróbase a convocatoria con estas observacións.

**5. Aprobación, no seu caso, da modificación da normativa interna de elaboración do TFG.**

A Decana manifesta que neste punto simplemente se propón incorporar á Secretaria da Facultade coma secretaria nos Tribunais dos TFG para unha mellor custodia da documentación. O resto da composición aprobada anteriormente por este órgano mantense.

Apróbase esta modificación.

**6. Aprobación, se procede, da reactivación do *Máster en Xestión e dirección laboral*.**

A Decana recorda que se trata da reactivación dun Máster que estaba en suspensión e dá a palabra ao Prof. Cabeza que explica que, como saben boa parte dos membros da Xunta, este Máster impartíuse no curso 2007-2008 cando contaba con 120 créditos ECTS. Suspendeuse a súa impartición posteriormente por, basicamente, falta de profesorado dispoñible e non poder asumir a carga docente. Este Máster Interuniversitario impartíuse en Ferrol e Santiago e modificouse a súa estrutura para pasar a ter 60 créditos ECTS. O ano pasado non se puido impartir debido a mesma situación de precariedade de profesorado. En realidade só podería estar suspendido dous anos pero estivo tres pola aprobación dunha nova normativa. A idea sería tamén suspendelo no curso 2012-13 pero hai que alzar a suspensión ou extinguírase definitivamente. Por este motivo o Dr. Cabeza propuxo ao Decanato esta reactivación do Máster.

Adóptase a decisión de reactivar a titulación.

**7. Adopción de acordo en relación coa convocatoria extraordinaria de decembro das titulacións a extinguir.**

A Decana sinala que o calendario académico volveu a modificarse dando comezo o vindeiro curso o 3 de setembro e finalizando o primeiro cuadrimestre en decembro onde se localizan dúas semanas de exames. O segundo cuadrimestre iníciase o 8 de xaneiro e rematará a principios de maio cos exames ao final e en xullo. Ademais hai que ter en conta que a partir do próximo ano haberá exames de Fin de Grao e Master de Acceso a Avogacía. Por todos estes motivos solicitouse que se adiantase a convocatoria de decembro e adoptouse a decisión de que os exames de Fin de Grao sexa en outubro e proponse trasladar decembro a outubro para todos. Parece obrigado trasladar a convocatoria de decembro a outubro e haberá que encaixar os horarios de exames en cinco días.

Propónse trasladar a convocatoria de decembro aos días 15-19 de outubro e sen suspensións de clases.

Apróbase.

**8. Toma de posición, no seu caso, da Xunta de Facultade sobre o “Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo”.**

A Decana indica que se trae este tema a esta reunión porque na última Comisión Permanente se propuxo que se abordase este particular por si se estimaba oportuno unha postura con relación a este Real Decreto-lei. Plantexouse un rexeitamento directo e frontal naquel órgano e consultouse ao Decanato sobre se ía facer algo ao respecto pero o órgano competente, a estes efectos, é esta Xunta. En todo caso, acerca da norma e a súa entrada en vigor e eficacia no temporal consultouse e non se aplicará ata o próximo curso xa que estamos ante unha norma que require dun desenrolo regulamentario.

Ábrese rolda de palabra onde o Dr. Grande Seara pregunta acerca da posible eficacia dun posicionamento da Xunta. A Decana alude a un correo da Folga Xeral de Educación convocada. O Prof. Grande recorda que a norma se refire a funcionarios e sexenios “vivos”. E plantexa que quizais se puidese artellar dende Decanato algún tipo de manifesto. A Decana di que ese escrito debería ou podería reflectir o mal lugar das Ciencias Sociais e a Cultura. O Prof. Grande manifesta que ninguén está de acordo co Decreto pero sería bo posicionarse sobre algo concreto. A Vicedecana Allegue Aguete expresa que estamos sendo atacados coma docentes e funcionarios e parece que estamos traballando para nada. Así que parece oportuno posicionarse coma Facultade de Ciencias Xurídicas. O Dr. Grande propón traballar sobre algún tipo de manifesto ou comunicado e facer unha toma de posición sobre un texto detallado. A Decana di que certamente estamos ante unha disposición de única fundamentación orzamentaria, só se está recortando a partir dos Orzamentos, e propón un texto do seguinte tenor: "A la vista del contenido Del Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo, queremos poner de manifiesto que en momentos de crisis y sin desconocer la situación económica que vivimos, los abajo firmantes se posicionan en contra de medidas que limiten el acceso a la enseñanza universitaria y la consolidación académica del profesorado. Asimismo manifestamos nuestro desacuerdo con algunas declaraciones que desde ciertas instancias se han realizado acerca de las ciencias sociales y la cultura en general, minimizando su relevancia para la sociedad".

O Prof. Cabeza intervén para indicar que parece dificultoso a toma de posición da Xunta de Facultade en relación a un tema porque todos temos liberdade ideolóxica e estamos nun órgano administrativo. A Decana matiza que se trata tanto dun órgano administrativo coma representativo. O Dr. Cabeza propón unha adhesión ao texto individual. A Decana propón considerar o texto e que quen o teña a ben pase a asinar en Decanato. Ao Dr. Cabeza parécelle unha boa opción. E mais alá disto o Prof. Cabeza quere manifestar que a norma lle parece unha ocorrencia do Goberno que non é posible aplicar e é inconstitucional. Ademais de que a subida de taxas non é normal.

Apróbase por asentimento a proposta do texto de manifesto e posible adhesión individual.

#### **9. Toma de posición, no seu caso, da Xunta de Facultade sobre o “Real Decreto-ley 5/2012, de 5 de marzo, de mediación en asuntos civiles y mercantiles”.**

A Decana informa que na última reunión dos Decanos das Facultades de Dereito no noso país, celebrada en Calatayud e á que asistiu, despois de ter fracasado a posición dos Decanos, coma a Dra. Pita, que sostían que a normativa non debería aplicarse aos licenciados ou aplicarse a todos, adoptouse un acordo con relación á disposición que

modificou a Lei de Acceso. O Acordo pon de manifesto as dificultades do Decreto-lei para a súa aplicación e sobre todo porque falta o seu desenvolvemento regulamentario que concrete múltiples cuestións que quedan pendentes. A inseguridade que xera a existencia dunhas prácticas e o exame para certos licenciados evidénciase no anexo ao acordo que debería levar ao Ministerio a ver as dificultades que se plantexan. A Decana relata o desenvolvemento da xuntanza dos decanos e a súa posición, sometendo a cuestión ao posicionamento da Xunta.

Non se toma posición por parte da Xunta.

#### **10. Rogos e preguntas.**

Non tiveron lugar.

Non habendo máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 14.35 horas, do que dou fe como secretario en funcións.

Luis Miguel Muleiro Parada